

Asinado o VII convenio colectivo estatal de centros de ensinanza de peiteado e estética, de ensinanzas musicais e de artes aplicadas e oficios artísticos

A CIG-ensino non subscribiu este VII convenio

Non o asinamos por involutivo, por non dar respostas ás demandas salariais e laborais dos traballadores/as do sector e por carecer de negociación real unha vez máis, asumindo as esmoladas dunha patronal impositiva.

O mércores 18 de novembro asinou este VII convenio por parte das patronais do sector ACADE e CECE e as OO.SS de CCOO, UGT e USO. Isto é o que subscribiron estas organizacións en só 3 meses de negociación durante os 2 anos que estivo denunciado:

1º - Unha vixencia do mesmo até decembro de 2021. (O positivo, o curto espazo temporal).

2º - Unha adaptación legal á normativa actual (modificacións Estatuto Traballadores/as, Lei de Igualdade...) regulada dende a sinatura do VI convenio (2013), que xa é obrigado por Lei facelo e para que Traballo autorice a publicación do novo convenio no BOE.

3º - Proposta salarial sen retroactividade, aumentando a perda de poder adquisitivo acumulado e sen garantir o futuro, ao carecer de

cláusula de revisión e garantía salarial pola desviación do IPC. A proposta, que foi feita pola parte social, foi a seguinte:

- Táboas salariais 2017 - 2018 e 2019 - "CONXELACIÓN SALARIAL".
- Táboas salariais 2020 - Suba do 2%.
- Táboas salariais 2021 - Suba do 2%.

Hai que recordar que desde a sinatura do VI convenio (ano 2013) até as últimas táboas asinadas do 2016 a **perda acumulada de poder adquisitivo foi do 4%**, que sumado ao IPC perdido coa conxelación dos anos 2017 a 2019 do 3,1%, acada unha perda acumulada do IPC do 7,1%.

ONDE ESTÁ A SUBA SALARIAL LOGO? Seguimos con perdas e en salarios moi precarios.

4º - Compromiso de crear unha "comisión de traballo" para tratar a xornada dos docentes diferenciando horas lectivas de non lectivas. Isto é vender fume e escapar á negociación, retrasándoa, pois xa hai creadas varias comisións no VI convenio e nada se fixo.



Desde CIG-ensino por coherencia na nosa acción sindical, referendada polos traballadores/as galegos/as que representamos, non subscribimos este VII convenio xa que non dá resposta ás nosas reivindicacións tanto no ámbito salarial como no de dereitos laborais.

Ademais este VII convenio resulta incluso involutivo por reproducir na practica o VI convenio (que nós xa non asinamos) con algunha perda de dereitos como poden ser os 3 días de permiso retribuído por nacemento de fillo/a, sendo o resto do articulado adaptacións legais por aplicación de normativa nova regulada por Lei, como xa nomeamos antes, dende a vixencia do anterior convenio.

Non entendemos como non se recolleu a SUBROGACIÓN empresarial dos traballadores/as, cando isto era unha reivindicación básica e vital de todos os sindicatos e incluso empresas.

Aquí é onde se ve a nula negociación e a irresponsabilidade, tanto das patronais como sindicatos maioritarios, deixando pasar o tempo na constitución da mesa negociadora (un ano despois da denuncia do convenio), dilatando as negociacións ate chegar á última hora e polo ameaza da ULTRAactividade, asinar algo axiña para evitar que decaera o convenio (este convenio marca un límite de 2 anos para negociarse). Algo positivo foi eliminar esta ultraactividade, algo básico que tamén se reivindicaba e entorpecía, quedando agora este convenio sempre en vigor ate a sinatura dun novo. Esta migalla conseguiuse nas dúas mesas que tivemos para acordar a adaptación do convenio, entregando outros dereitos, como se dun cambio de cromos se tratase. Exemplo sacar os 3 días de permiso e introducir a xubilación forzosa, pola adaptación ao SMI dos salarios que quedaban por debaixo, evitando absorción da antigüidade e na excedencia voluntaria sacar a limitación ao comezo de curso (algo xa alegal).

Outras propostas que reivindicamos a parte social en conxunto (nunha proposta de mínimos, feita na 1ª mesa), pero que os tres asinantes decidiron tamén obviar, foron: a mencionada recuperación salarial (pediamos a suba do 9% entre 2019, 2020 e 2021), melloras nas licenzas e permisos (recoñecer as parellas de feito, días de asuntos propios e días de permiso para asistencia médicos, propias, de fillos/as menores e persoas maiores ou dependentes a cargo), melloras na xornada (mínimo horas lectivas e non lectivas), outras melloras sociais (excedencias, flexibilidade da xornada por conciliación, plans

igualdade, maiores 55 anos, xubilación parcial...), adaptar a clasificación profesional (eliminando categorías como profesor auxiliar...) e emprego dunha linguaxe non sexista no texto.

PROPOSTAS BÁSICAS DEFENDIDAS POR CIG-ENSINO NA NEGOCIACIÓN:

En primeiro lugar, insistir no emprego dunha linguaxe non sexista en toda a redacción do texto, empregando termos neutros e ambos xéneros cando isto non sexa posible.

En segundo lugar, adaptación do texto ao recolleito na normativa laboral vixente que entrou en vigor logo da negociación e/ou publicación do VI convenio en vigor.

- 1.- Introducir SUBROGACIÓN empresarial de todos os/as traballadores/as, como algo prioritario, así como a ULTRAactividade para garantir manter o convenio sempre en vigor.
- 2.- Recuperación salarial: retroactividade co IPC para as táboas 2017 , 2018 e 2019. O 2020 subida lineal de 630 euros/ano para os salarios inferiores ao salario medio galego anual (21.000€) é dicir, dun 3% lineal. O resto de anos cláusula de garantía salarial pola desviación do IPC, compensando perda acumulada de poder adquisitivo (4%) na vixencia do VI convenio. Igualar, por arriba, os salarios das mesmas categorías nas 2 seccións, A e B, das táboas salariais do convenio. Aplicar o SMI a aqueles que estean por debaixo.
- 3.- Redución da xornada laboral a 35 horas semanais dos grupos II e III. Os docentes máximo 30h. lectivas e o resto non lectivas, dentro das súas horas máximas semanais.
- 4.- Eliminación dos descontos en caso de incapacidade temporal por enfermidade común, profesional ou accidente laboral e non laboral durante todo o tempo da baixa.
- 5.- Plus de festividade (35% máis de salario). Plus de transporte (mínimo á parcialidade).
- 6.- Recoñecemento de enfermidades profesionais, propias e relacionadas co sector.
- 7.- Días de permiso por asuntos propios (para temas administrativos, titorías escolares...)
- 8.- Permiso retribuído polo tempo necesario para asistir a consultas médicas o traballador/a, fillos/as menores de idade (acollidos/as) e familiares maiores ou dependentes.
- 9.- Reserva do posto de traballo durante o primeiro ano nas excedencias voluntarias, e durante toda a vixencia das mesmas, naquelas por coidado de fillo/a, ou por coidado de familiar ou persoa dependente a cargo que convivan co traballador/a.

A duración máxima destas tres modalidades de excedencias será de cinco anos. 10.-Dereito á redución de xornada para maiores de 55 anos. Xubilación parcial.

- 11.-Melloras na conciliación familiar e laboral: maternidade, paternidade, lactancia, flexibilidade xornada e redución de xornada por coidados a menores e maiores a cargo...
- 12.-Adaptación e mellora da clasificación profesional. (profesor auxiliar extinguir).
- 13.-Regular as horas extraordinarias (mínimo ao 150%)
- 14.-Medidas reais de igualdade: plans de igualdade.

CRONOLOXÍA DESTA “NEGOCIACIÓN” DO VII CONVENIO

Denuncia do mesmo o 31 de outubro de 2018. Constituíuse a mesa negociadora o 21 de outubro de 2019, case un ano despois! E a responsabilidade dos maioritarios? 1ª mesa negociadora o 15 de novembro de 2019. 2ª mesa negociadora o 7 de xullo do 2020. 3ª mesa negociadora o 6 de outubro do 2020 (a do preacordo). 4ª e 5ª mesas o 6 e 12 de novembro do 2020 (a das adaptacións legais ao texto) e a 6ª mesa o 18 de novembro de 2020 (a da sinatura do VII convenio). Isto amosa, ás claras: falta de negociación, imposición da patronal e entreguismo e pactismo dos sindicatos estatais, que contrasta co modelo reivindicativo, combativo e participativo da CIG-Ensino.

TÁBOAS SALARIAIS 2017, 2018 e 2019

Conxeladas as de 2016 durante tres anos

Sección A: Aplicable a centros de Ensinanzas Especializadas e Regradas de carácter profesional (Peiteado e Estética)		
Categoría	Salario	Trienio
Grupo I. Persoal docente:		
Profesor/a titular	1196,03	34,22
Xefe/a de Taller ou Laboratorio	1196,03	34,22
Profesor/a Axunto/a ou Auxiliar	1106,24	31,81
Instrutor/a	989,51	28,14
Grupo II. Persoal administrativo:		
Xefe/a de Administración	1215,85	32,38
Oficial de Administración	986,05	27,35
Auxiliar Administrativo/a	872,65	27,35
En formación	872,65	27,35
Grupo III. Persoal de Servizos Xerais:		
Conserxe	1025,75	27,35
Oficial de 1.ª	978,78	27,35
Porteiro/a	894,80	27,35
Celador/a	894,80	27,35
Persoal de limpeza	872,65	27,35
Persoal non cualificado	872,65	27,35
En formación	872,65	27,35

Sección B: Aplicable a centros de Ensinanzas Regradas Musicais e de Artes Aplicadas e Oficinas Artísticas		
Categoría	Salario	Trienio
Grupo I. Persoal docente:		
Profesor/a titular	1121,53	30,82
Xefe/a de Taller ou Laboratorio	1121,53	30,82
Profesor/a Axunto/a ou Auxiliar	1016,66	28,14
Mestres/as de Taller ou Laboratorio	1016,66	28,14
Instrutor/a	926,00	26,06
Grupo II. Persoal administrativo:		
Xefe/a de Administración	1215,85	32,38
Oficial Administrativo/a	986,05	27,35
Auxiliar Administrativo/a	872,65	27,35
En formación	872,65	27,35
Grupo III. Persoal de Servizos Xerais:		
Conserxe	1025,75	27,35
Oficial de 1.ª	978,78	27,35
Porteiro/a	894,80	27,35
Celador/a	894,80	27,35
Persoal de limpeza	872,65	27,35
Persoal non cualificado	872,65	27,35
En formación	872,65	27,35

TÁBOAS SALARIAIS 2020

Suba do 2% sobre as de 2016

Sección A: Aplicables a centros de Ensinanzas Especializadas e Regradas de carácter profesional (Peiteado e Estética)		
Categoría	Salario	Trienio
Grupo I. Persoal docente:		
Profesor/a titular	1219,95	34,90
Xefe/a de Taller ou Laboratorio	1219,95	34,90
Profesor/a Axunto/a ou Auxiliar	1128,37	32,44
Instrutor/a	1009,30	28,70
Grupo II. Persoal administrativo:		
Xefe/a de Administración	1240,17	33,03
Oficial de Administración	1005,77	27,90
Auxiliar Administrativo/a	950,00	27,90
En formación	950,00	27,90
Grupo III. Persoal de Servizos Xerais:		
Conserxe	1046,26	27,90
Oficial de 1.ª	998,35	27,90
Porteiro/a	950,00	27,90
Celador/a	950,00	27,90
Persoal de limpeza	950,00	27,90
Persoal non cualificado	950,00	27,90
En formación	950,00	27,90

Sección B: Aplicable a centros de Ensinanzas Regradas Musicais e de Artes Aplicadas e Oficinas Artísticas		
Categoría	Salario	Trienio
Grupo I. Persoal docente:		
Profesor/a titular	1143,96	31,43
Xefe/a de Taller ou Laboratorio	1143,96	31,43
Profesor/a Axunto/a ou Auxiliar	1037,00	28,70
Mestres/as de Taller ou Laboratorio	1037,00	28,70
Instrutor/a	950,00	26,59
Grupo II. Persoal administrativo:		
Xefe/a de Administración	1240,17	33,03
Oficial Administrativo/a	986,05	27,90
Auxiliar Administrativo/a	950,00	27,90
En formación	950,00	27,90
Grupo III. Persoal de Servizos Xerais:		
Conserxe	1046,26	27,90
Oficial de 1.ª	998,35	27,90
Porteiro/a	950,00	27,90
Celador/a	950,00	27,90
Persoal de limpeza	950,00	27,90
Persoal non cualificado	950,00	27,90
En formación	950,00	27,90

TÁBOAS SALARIAIS 2021

Suba do 2% sobre as de 2020

Sección A: Aplicables a centros de Ensinanzas Especializadas e Regradas de carácter profesional (Peiteado e Estética)

Categoría	Salario	Trienio
Grupo I. Persoal docente:		
Profesor/a titular	1244,35	35,60
Xefe/a de Taller ou Laboratorio	1244,35	35,60
Profesor/a Axunto ou Auxiliar	1150,93	33,09
Instrutor/a	1029,49	29,27
Grupo II. Persoal administrativo:		
Xefe/a de Administración	1264,97	33,69
Oficial de Administración	1025,89	28,45
Auxiliar Administrativo/a	SMI	28,45
En formación	SMI	28,45
Grupo III. Persoal de Servizos Xerais:		
Conserxe	1067,19	28,45
Oficial de 1. ^a	1018,32	28,45
Porteiro/a	SMI	28,45
Celador/a	SMI	28,45
Persoal de limpeza	SMI	28,45
Persoal non cualificado	SMI	28,45
En formación	SMI	28,45

Sección B: Aplicable a centros de Ensinanzas Regradas Musicais e de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos

Categoría	Salario	Trienio
Grupo I. Persoal docente:		
Profesor/a titular	1166,84	32,06
Xefe/a de Taller ou Laboratorio	1166,84	32,06
Profesor/a Adxunto/a ou Auxiliar	1057,74	29,27
Mestres/as de Taller ou Laboratorio	1057,74	29,27
Instrutor/a	SMI	26,59
Grupo II. Persoal administrativo:		
Xefe/a de Administración	1264,97	33,69
Oficial Administrativo/a	1005,77	28,45
Auxiliar Administrativo/a	SMI	28,45
En formación	SMI	28,45
Grupo III. Persoal de Servizos Xerais:		
Conserxe	1067,19	28,45
Oficial de 1. ^a	998,35	28,45
Porteiro/a	SMI	28,45
Celador/a	SMI	28,45
Persoal de limpeza	SMI	28,45
Persoal non cualificado	SMI	28,45
En formación	SMI	28,45

**AFÍLIATE
PARA
SERMOS
MÁIS FORTES
E DEFENDER
MELLOR
OS TEUS
DEREITOS**

✓ Afiliado

22 decembro 2020 15:59

CIG Confederación Intersindical Galega

★ Ensino Público ▾ Universidade ▾

Ensino Privado Lingua ▾ Mulleres Laicidade Lexislación ▾ Formación ▾

CIG ENSINO / ENSINO PRIVADO

Ensino privado

A CIG-Ensino denunciará na Audiencia Nacional as táboas salariais de 2020 do XII convenio estatal de centros de asistencia e educación infantil

★ 04 Dec 2020

A CIG-Ensino rexistrou a convocatoria de folga indefinida a partir do 1 de decembro na Escola Municipal de Música de Compostela

★ 23 Nov 2020

Asinado o VII convenio colectivo estatal de centros de ensinanza de perruquería e estética, de ensinanzas musicais e de artes aplicadas e oficios artísticos

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 245 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal